

O karate-Do

Esta palabra significa “*mans abertas*”, o que quere dicir que sempre vaias libremente ti só sen armas para loitar.

Cando tiña seis anos comecei a facer karate no CEIP *O Coto*, e estiven alí practicando durante dous anos. Un grupo de nenos e unha rapaza de vinte e tres anos ao final abandonamos as clases. Mais esta rapaza falou cos nosos pais e díxolles se querían axudala a crear un clube. Os nosos pais aceptaron e formouse a *Escola de karate Akai-Ryu*. Esta rapaza foi a nosa adestradora e mesmo no verán iamos tamén prepararnos.



Nun mes de marzo achegábase o Campionato galego de karate. Se lograbas subir a ese podium, tiñas opción a realizar unha probas para optar a ir ao Campionato de España. Chegou o día cinco, día das probas. Fun facelas moi intranquila porque era a miña primeira vez. E había que agardar

catro días para saber se estaba seleccionada ou non.

Ao cabo deses catro días a miña profesora chamoume e díxome: “Melanie, xa chamaron, e non estás seleccionada”. Púxenme tristísima, mais pensei que debería seguir adestrando. E, de súpeto, soltou: “Que non! Que era broma! Estás seleccionada!” Agora si que estaba moi contenta e, para celebralo, fomos todos, meus pais e os pais de Ainhoa (que así se chama a miña adestradora) a tomar algo.

Chegou o día vinte e dous de abril e partimos para Alcobendas. Durmimos nun hotel toda a selección, pois no día seguinte competiamos. No comezo das probas eu ía gañando todas as voltas 5-0, ata que cheguei á fase de finais. Alí perdín 3-2, mais tiña repesca. Se a gañaba quedaba terceira de España. Seguí adestrando duramente con Ainhoa e coa miña seleccionadora e ao final da competición os árbitros votaron por min 4-1. Acababa de quedar terceira de España sendo a primeira vez que competía a ese nivel e con tan só nove anos!

Saltei enriba de Ainhoa, démonos unha aperta enorme, e comezamos a chorar de alegría. Os meus compañeiros berraban o meu nome desde as gradas. Fixérase realidade un dos meus maiores soños.



Outra gran experiencia tivena este ano, pois a miña mellor amiga Alba Vázquez, que forma parte do noso clube, tras anos de adestramento quedou subcampioa de España. Chorei moitísimo alí e dígovos que vou apoiala sempre.

O que máis me gusta do karate é o compañeirismo e as viaxes xuntos. Pasámolo moi ben e facemos amigos novos. Penso que xamais hai que renderse en ningún deporte. Se perdes, segue adiante adestrando que o teu día feliz chegará.

Melanie Suárez Agra
2º ESO D

